



Penélope

DESTECENDO O VÍNCULO

unha obra de

Constance Hurli

Descrición

Penélope é unha peza de **danzateatro contemporáneo** que busca un **achegamento escénico á teoría psicolóxica do apego**. Xorde da necesidade, cada vez máis presente na nosa sociedade, de comprender o establecemento e desenvolvemento dos vínculos afectivos que establecen os seres humanos para a supervivencia.

O formato é o dunha peza de danzateatro que comeza coma se dunha conferencia se tratase, pretendendo achegar ao auditorio os conceptos desta teoría psicolóxica a través das artes do movemento e da performance.

Penélope ás veces é home, ás veces é muller; ás veces é illa, ás veces é áncora. *Penélope* tece e destece os seus vínculos, ocúltase tras un tear que nega e anhela a chegada de Odiseo. *Penélope* lembra a infancia e fala de afecto, fala de perda, fala de medo, fala de trauma.



Esta peza xorde nun momento de convulsión social, onde a **saúde mental** posicionouse inevitablemente no foco da preocupación colectiva.

Fai uns anos, era totalmente tabú falar de terapia ou admitir que alguén ía ao psicólogo, porén, agora é cada vez máis común buscar axuda psicolóxica e o apoio emocional de profesionais para mellorar a calidade de vida e comprender a propia mente.

Penélope fala diso, da necesidade de pensar, reflexionar, comprender e preguntar sobre os propios traumas, medos e as carencias afectivas. Por todo isto, **esta peza reúne as condicións para servir de canle e contribuir ao cambio de paradigma que está sufrindo o pensamento xeral da nosa sociedade.**



Ficha técnica

Disciplina: danzateatro

Temática principal: saúde mental

Número de intérpretes: 3

Duración: 50-60 minutos

Público: adulto e xuvenil

Tipo de espazo: interior, apto para teatro, salas e salón de actos



A compañía


Constance Hurlé é unha compañía de artes vivas de carácter multidisciplinar onde o eixo é o diálogo entre a palabra, o corpo e a música.

Xorde ao redor da figura da artista galaico-astur Constance Hurlé que, dende o ano 2010, comeza a sacar adiante producións propias dándolle forma escénica ás súas creacións literarias a base de micro pezas, monólogos ou performances.

Co paso do tempo afianza a súa linguaxe escénica onde tanto a poesía como a música adquirirán cada vez máis importancia, convertíndose en marca diferenciadora.

As súas pezas camiñan no filo da performance procurando unha identidade xenuína, fuxindo das categorías tradicionais de teatro, danza ou poesía.

As obras de creación propia de Constance Hurlé atópanse dentro de tres liñas principais de traballo: poesía de carácter performativo, concertos poéticos e pezas de teatrodanza contemporáneo, que na meirande parte son de formato micro e con interacción coa danza.



Equipo

Dirección e dramaturxia:

Constance Hurlé

Dirección coreográfica:

Diego Buceta

Elenco

Constance Hurlé

Diego Buceta

Eva Comesaña

Asesoramento escenográfico:

As dúas e punto

Iluminación:

As dúas e punto

Espazo sonoro:

Iago Marta

Videocreación:

Sol Álvarez

Intérprete na videocreación:

Olga Cameselle

Deseño gráfico e web:

Marta Villar Cruces





CONTACTO

+34 620.56.41.87

distribucion.constancehurle@gmail.com

info@constancehurle.com

www.constancehurle.com

IG [/constance_hurle](#) | FB [/constancehurle](#) | YT [/@constancehurle](#)

Constance Hurle